

UNHA PROMESA

Durante moitos meses estivemos esperando a que remataran as clases porque se Marta, o meu irmán pequeno Anxo e eu, aprobabamos todo, teríamos un merecido premio, unha viaxe en barco. Pero non era un barco calquera, senón un iate do noso avó Antón que se conservaba en bo estado pese ao paso dos anos.

O noso pai Xulio traballaba nunha empresa que reparaba embarcacións e, como non podía ser doutra forma, a súa estaba en perfecto estado e lista para a longa viaxe.

Prometéranos había tempo xa que se aprobabamos todo e con boas notas cumpriría a promesa e pouco a pouco achegábase a data de sabelo. Pasaran xa varios días dende que remataran os exames e tanto eu coma Anxo estabamos impacientes esperando polas notas. Só faltaban dous días para a noite de San Xoán e ese mesmo día pola mañá acudimos ao colexio a recoller os boletíns.

Cando abrimos os sobres comprobamos con moitísima satisfacción as cualificacións, todo aprobado e con moi boas notas. Chegamos á casa pero os nosos pais aínda non estaban. Mamá traballa na casa, coíndando dos animais domésticos, varias vacas e cabras que ordeña todos os días e fai uns queixos riquísimos. Cando chegaron, comprobaron eles mesmos os boletíns e fundíronse nun gran abrazo con nós, estaban moi orgullosos.

Pola tarde, despois de comer, papá explicáballe a mamá o que tiña prometido, unha viaxe no iate do avó Antón rodeando toda a península ibérica dende Galicia ata Cataluña. A idea emocionounos a todos e sen perder tempo comezaron os preparativos. Mentres papá preparaba o combustible e remataba de acondicionar o iate, a nosa nai Aurora preparaba a equipaxe, e Anxo e eu tamén. Papá tiña preparada a expedición para trinta e cinco días visitando varias vilas e cidades e atracando nos portos máis importantes.

O iate era moi grande, foi unha herdanza do avó e presentaba un excelente estado. Levabamos poucos alimentos porque os meus pais tiñan pensado facer escala en moitos portos e así ían repoñendo sobre

a marcha. Partimos do porto de Muros en dirección ao sur de Galicia. Na equipaxe tamén levabamos unha maleta chea de xoguetes, con globos, disfraces de piratas, pistolas de auga e bonecos.

Durante os primeiros días de navegación nós xogabamos sempre na cuberta da embarcación pero observamos algo no ceo que non nos gustaba nada. Unhas nubes enormes que anunciaban tormenta. Avanzaban cara nós e o noso pai temía que o tempo empeorase.

Comezaron os problemas porque o iate quedou sen comunicación coa costa, ao noso pai éralle imposible acadar información sobre o tempo dos próximos días e a preocupación comezou a aumentar pouco a pouco. O vento movía demasiado a embarcación para ambos lados. A nosa nai e nós ficabamos nos camarotes inferiores tumbados nas camas co medo metido no corpo e sen forzas nin para falar.

As horas pasaban e a tormenta seguía aumentando, os ordenadores do iate deixaron de funcionar, as neveiras, os conxeladores, as televisións... e o peor de todo, o iate quedaba á deriva e as ondas cada vez eran máis grandes, movíase todo, a auga pasaba por riba da cuberta da embarcación.

As ondas cada vez eran máis grandes e o barco ía cara onde o mar quería. Tanto que pasamos varios días no medio dunha tormenta que nin sabíamos onde estabamos nin cantos días tardaríamos en volver a casa.

Logo de tres días de moito medo, a tormenta comezou a ir a menos e pouco a pouco o meu pai logrou manter o iate a flote pero íamos sen rumbo. Nós observabamos que os nosos pais falaban entre eles e tiñan cara de preocupación.

Por fin saímos á cuberta a xogar, parecía que melloraba o tempo cando o meu pai divisou ao lonxe un pequeno vulto no medio do océano, fómonos achegando e tratábase dunha illa con moita vexetación. Decidimos atracar nunha das súas praias e baixamos a dar unha volta.

Non nos separamos moito do barco por medo ao que pudiésemos atopar. Estabamos incomunicados e nunca nos separabamos, sempre os catro xuntos. Pasamos toda a tarde buscando pola illa, víveres e sobre todo

saber se estaba habitada pero pasaban as horas e nada de nada.

Voltamos ao iate a descansar. Era o primeiro día que podíamos durmir tranquilamente sen que o bravo océano nos espertase.

Antes de ir para os nosos camarotes, o meu pai preparou unha fogueira na praia cuns leños que atopara, fómomos quentar todos arredor do lume e a miña nai preparou uns ovos e unhas patacas cunha das tixolas que había no iate.

Contamos vellas historias e fomos durmir aos camarotes. Ao seguinte día emprendimos unha ruta andando por toda a illa para comprobar o que había. O único que atopabamos no medio daquela inmensa vexetación eran paxaros que cantaban sen parar como estivesen contentos coa nosa presenza.

Varias horas despois démonos conta de que se trataba dunha illa deserta. Comezabamos a pensar na idea de saír de alí pero meu pai decidiu ficar uns días para explorala. Era impresionante a súa beleza e notabamos unha sensación de tranquilidade ao pasear polo medio dela.

Fixemos unha cabana con pòlas de árbores e tapámola cunhas follas e unas ramas secas que atopamos preto da praia. Gustábanos a idea de rematar a cabana pero queríamos regresar a Galicia canto antes, tiñamos moito medo.

O calor era insoportable, sempre que podíamos ficabamos debaixo das sombras das árbores. Aquela noite aumentou moito o vento, estabamos nos camarotes e o iate movíase moito dun lado para outro.

Esa mañá saímos a buscar víveres posto que quedaban poucos. Levabamos dúas horas de ruta pola illa, cando unhas nubes moi grandes se achegaban cada vez máis.

Nós, no medio da vexetación, perdidos, incomunicados e sen nada que comer. Comezou a chover sen parar, o vento seguía aumentando e todos tiñamos moito medo. Refuxiámonos á beira dunha árbore e o meu pai comentou que se trataba dunha tormenta coma a que nos deixou co iate á deriva. Pasadas dúas horas, a tormenta marchou e as nubes deixaban paso ao sol. O meu pai falaba coa miña nai dunha

tormenta tropical mentres nós nos entretiñamos xogando aos piratas cunhas pólas dunhas árbores. Fomos de volta ata a praia onde estaba atracado o iate pero levamos unha sorpresa moi desagradable.

Ao chegar as amarras estaban rotas e non había nin rastro do iate. Dísustámonos moito e tiñamos medo de non poder regresar nunca máis á nosa casa. Pasaran xa dous días e non tiñamos case nada para comer, só algunhas froitas e os poucos cocos que había para beber o zume que tiñan dentro.

A nosa situación empeoraba, tiñamos pólas para facer lume pero non alimentos, marcharan á deriva no iate e non queríamos ficar naquela illa para sempre. Unha tarde o meu pai observou un barco dende o alto dunha palmeira, baixou o máis rápido que puido para facer sinais de fume coa fogueira e aquel barco comezou a vir cara a nós. Atracou uns metros afastado da nosa praia e baixaron dous mariñeiros nunha pequena embarcación de remo. Chegaron á praia e observaron o panorama, estabamos incomunicados e con problemas de nutrición.

Falaban portugués e o meu pai pediulles que nos levaran ata o seu barco. A nosa esperanza de volver achegábase. Leváronnos para o seu barco e a nosa sorpresa foi a bandeira que ondeaba na cuberta, que dende a praia non se podía ver, unha bandeira galega. O barco era de tripulación galega, cando subimos á cuberta todos os seus mariñeiros nos viñeron saudar e abrazar. Tratábase dun rescate en alta mar.

Era un barco enorme e levaba moitísimo peixe. Os meus pais falaban sempre co capitán do barco. Tratáronos moi ben, déronnos comida e roupa limpa. Os mariñeiros xogaban con nós á pilla pilla, aos piratas e ao escondite na cuberta.

Foi unha experiencia inolvidable. Unha semana despois, os meus pais puideron chamar aos nosos familiares dende o barco e chegamos a Galicia, ao porto de Muros onde nos abrazamos a todos. A nosa historia publicouse nos xornais e na televisión, fixéronnos moitas entrevistas, eramos famosos e grazas a aqueles mariñeiros de Muros que nos rescataron puídemos voltar á casa.

5^o Ed. Primaria